

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE SE
ABRE A CONVOCATORIA DE 3 PRAZAS DE INTERCAMBIO PARA
ESTUDANTES DE ENXEÑARÍAS NO CADRO DO GE4 PARA O PRIMEIRO
CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019-20 DENTRO DO
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O
GE4 (Global Education: Exchange for Engineers and Entrepreneurs)**

A Oficina de Relacións Internacionais (en diante ORI) da Universidade de Vigo participa no programa de intercambio co GE4 para as escolas de enxeñaría, dentro do acordo existente entre ambas as dúas institucións. O GE4 (Global Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs) (www.ge4.org) é unha asociación que ten como obxectivo promover os intercambios de excelencia de estudantes e docentes no ámbito da enxeñaría.

Os intercambios efectúanse en réxime de reciprocidade coas distintas universidades que forman a rede GE4. Nesta convocatoria ofértanse 3 prazas cuadrimestrais para o primeiro cuadrimestre do curso 2019-20. A Universidade de Vigo recibirá ao mesmo tempo un grupo de estudantes das universidades do GE4 que cursarán parte dos seus estudos nos centros da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo recoñece os estudos desenvolvidos no marco deste programa polo seu alumnado mediante a elaboración dun contrato de estudos.

En virtude deste convenio de participación no GE4 e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade e vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar 3 bolsas en réxime de concorrencia competitiva para cursar o 1º cuadrimestre do curso 2019-20 nalgunha das universidades participantes na rede que se relacionan no anexo II
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 27 de decembro de 2018

O reitor

Por delegación RR 21/06/2018 (DOG 28/06/2018)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación

María Isabel Doval Ruiz

ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO 2019-20
DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E GE4 (*Global
Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs*)**

a) OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nas escolas de enxeñaría a posibilidade de cursar estudos nalguna das universidades membros do GE4 durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2019-20. Con esta finalidade convócanse tres bolsas de mobilidade.

b) REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

a. Requisitos académicos

Estar matriculado/a no curso académico 2018-19 no 3º ou 4º curso dos graos ou nos másteres de máis de 60 ECTS que se ofertan nas Escolas de Enxeñaría da Universidade de Vigo.

Declaración conforme estará matriculado no curso académico 2019-20 durante o seu período de intercambio que ser fará constar no formulario de solicitude.

Contar coa carta de recomendación dun docente da UVIGO para a realización do intercambio académico.

b. Requisitos lingüísticos

Acreditar coñecementos da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B1

Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (niveis mínimos):

Inglés, nivel B1:

CertAcles B1

Nivel intermedio 2 da EOI, 3º curso do plan vello

Acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo

PET Cambridge

Trinity: ISE I

TOEFL: entre 57-86 (req. superación das 4 macrodestrezas)

IELTS: nivel 4.0-5.0

Bulats: 40-59 (req. superación das 4 macrodestrezas)

Inglés, nivel B2:

CertAcles B2

Nivel avanzado 2 da EOI, 5º curso do plan vello

Acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo

Cambridge First Certificate

Trinity: ISE II

TOEFL: 87-109 (req. superación das 4 macrodestrezas)

IELTS: nivel 5.5-6.5

Bulats: 60-74 (req. superación das 4 macrodestrezas)

Inglés, nivel C1

CertAcles C1

Acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo

Nivel C1 da EOI

Cambridge Certificate of Advanced English

Trinity: ISE III

TOEFL: 110-120 (req. superación das 4 macrodestrezas)

IELTS: nivel 7.0-8.0

Bulats: 75-89 (req. superación das 4 macrodestrezas)

En caso de estar en posesión doutra certificación doutro idioma, consultar a táboa de certificacións de idiomas admitidas pola UVigo en

<http://www.acles.es/files/ckeditor/certificados-reconocidos-por-acles-por-idioma.pdf>

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas en quen concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro *Lei Xeral de Subvencións*.

c) DOTACIÓN ECONÓMICA

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **4.500 €** na aplicación orzamentaria 2019ORI1121DORI482.10. Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o *Reglamento de la Ley 38/2003 de 17 de noviembre, General de Subvenciones* no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Deste xeito, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Universidade de Vigo para o ano 2019 no momento da resolución da concesión.

Concederanse 3 bolsas de 1.500 euros.

O pagamento da axuda efectuarase trala incorporación do estudante á universidade de acollida e envío do certificado de chegada (modelo de documento que será facilitado pola ORI).

d) INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período.

e) SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O formulario de solicitude en liña atoparase na Secretaría Virtual (formularios e enquisas) da Universidade de Vigo. As persoas candidatas deberán imprimir unha copia da solicitude e presentala asinada, xunto coa documentación requirida, nos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **25 de xaneiro de 2019**.

A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación que será enviada desde a ORI ao Director Ejecutivo do GE4:

- Anexo I: Formulario do GE4
- Escrito dunha páxina en inglés, incluíndo a motivación para participar no programa así como as áreas específicas de estudo ou investigación.
- Certificación académica oficial en inglés.
- Unha carta de recomendación dun docente da Universidade de Vigo.
- Certificado acreditando o coñecemento da lingua inglesa.
- Certificado acreditando o coñecemento doutros idiomas relacionados coas universidades de destino.
- Copia do pasaporte.

Co fin de axilizar o proceso, os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro da Universidade de Vigo deberán comunicar esta circunstancia a outgoing.ori@uvigo.es no mesmo día da súa presentación achegando una copia escaneada da solicitude co comprobante do envío en prazo. Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada persoa candidata de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a Universidade de Vigo é responsable.

Os datos serán tratados para a xestión das subvencións e para finalidades relacionadas co programa GE4, tanto informativas como para procesos de selección desta convocatoria e outras con fins semellantes. A persoa candidata poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, dirixindo unha solicitude con copia do seu NIF á Unidade de Relacións Internacionais, Universidade de Vigo.

f) SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando o formulario de alegacións, dirixido á Oficina de Relacións Internacionais, nos rexistros da Universidade.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección segundo os seguintes criterios:

1. Nota media do expediente académico ponderada pola media da titulación: ata 6 puntos.
No caso dos estudantes de mestrado terase en conta a nota media ponderada do primeiro ciclo de estudos desde os que se accede á nova titulación (cun peso do 50% do criterio 1) máis a nota media ponderada dos créditos superados na nova titulación (cun peso do 50% do criterio 1).
Para os alumnos de 1º de mestrado que, no momento da solicitude, non teñan aínda créditos superados na nova titulación, terase en conta a nota media ponderada do primeiro ciclo de estudos desde os que se accede á nova titulación (cun peso do 100% do criterio 1).
2. Coñecementos de inglés superiores ao B1 ata 2 puntos (1 punto para B2, 1,5 para C1 e 2 puntos se acredita C2).
3. Coñecementos doutros idiomas relacionados coas universidades de destino: ata 2 puntos.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Cristina Trillo Yáñez, Responsable de Relacións Internacionais da Escola de Enxeñaría Industrial.

Secretaria: Cristina Vázquez Pérez, Xefa de Negociado da ORI.

Vogais: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI.

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar, nos rexistros da universidade, alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas e en lista de agarda, se procede, ao Vicerreitor de Internacionalización para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos rexistros da Universidade e no portal de bolsas da web da universidade e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

g) ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito a concesión da bolsa no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á bolsa.

Os datos dos/as estudantes seleccionados/as na Universidade serán enviados á oficina central do GE4, que as enviará ás universidades solicitadas para a súa valoración interna e aceptación. A institución de acollida informará ao GE4 e a Universidade de Vigo da admisión ou denegación da solicitude recibida. A praza so estará confirmada unha vez á Universidade de Vigo reciba por escrito a confirmación da universidade de destino e do GE4.

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito.

As renuncias darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

h) OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

1. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexan de aplicación.
2. O estudantado deberá facilitar como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio alumnos.uvigo.es para os efectos de comunicación.
3. O estudantado realizará os trámites de matrícula correspondentes na Universidade de Vigo durante o curso 2019-20, estando exentos do pagamento de taxas na universidade de destino. Algunha das universidades de destino pode esixir ao estudantado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.
4. As persoas seleccionadas deberán entregar na ORI a seguinte documentación para xustificar a duración da súa estadía:
 - 1. Antes do inicio da estadía:**
 - Autorización de uso de datos persoais e declaración de estar ao corrente de pago das obrigas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria.

 - Presentar copia dun seguro de contratación obrigatoria. Poderá contratar o seguinte seguro ou outro calquera sempre que conteña como mínimo as prestacións do que aquí se detalla: <http://www.oncampus.es/>.
A título informativo, o importe da póliza no curso 2018-2019 foi de 45 euros.

 - As persoas seleccionadas deberán elaborar un contrato de estudos en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización a través da Secretaría Virtual. Este contrato deberá elaborarse antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2019-2020. No caso de modificacións do contrato, estas deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre na universidade de destino. Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso 2019-20, estas deberán ser notificadas polo alumnado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo coordinador/a.
 - 2. Ao inicio da estadía:**
 - Certificación de chegada conforme o modelo que lle será entregado na ORI
 - 3. Unha vez finalizada a estadía:**
 - Certificado de realización da estadía, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino sen emendas nen riscaduras.
As persoas beneficiarias acreditarán a estadía efectiva así como a súa duración mediante o citado certificado. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real da persoa beneficiaria da bolsa.
5. Os/as beneficiarios/as serán os responsables de tramitar o seu visado e aboar os gastos, se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con

nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

6. O/a beneficiario/a deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Ley General de Subvenciones.

i) REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

No caso de que o estudantado non leve a cabo a estadía ou parte dela, a Universidade de Vigo resérvase o dereito de reclamar o importe dos gastos que resulten da participación do estudantado no programa.

Son causas de reintegro:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalguna das causas de incompatibilidade que se establecen nesta convocatoria.